

CASA MAGÁN

Borobó, 6

15930, Boiro, A Coruña

Teléfono: 981 846 157

Web: www.restaurantecasamagan.es

Correo: casamagan@gmail.com



INFORMACIÓN XERAL

A rúa de acceso e algunhas das próximas son de plataforma única compartida, con preferencia peonil.

Atención ao público e outra información de interese

- Dentro da carta dispón de pratos para celíacos, diabéticos e vexetarianos.
- A carta está redactada con letra pequena, non dispoñen de carta alternativa con textos en maior dimensión, fotos ou braille.
- Non dispoñen de persoal con coñecemento da lingua de signos.
- Permítese o acceso con can guía e/ou asistencia.
- Non dispoñen dun plan de evacuación para persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- Ampla zona de aparcadoiro na contorna próxima.
- A rúa de acceso é de plataforma única con pavimento de pedra.
- O acceso resólvese cun tramo de rampla de 70cm de lonxitude e unha pendente do 21%. No encontro coa beirarrúa ten un resalte de 2,5cm.
- Porta de vidro de 85cm de ancho de paso. Logotipo con pouco contraste como único elemento de sinalización.
- Barra á dereita do acceso, non existen elementos que interrompan o acceso.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- A barra ten unha soa altura a 108cm, non existe posibilidade de aproximación en cadeira de rodas.
- Asentos móbiles sen respaldo en barra de 77 cm de altura.
- Á esquerda do acceso e xunto á cristaleira dereita dispón de mesas altas e barra con taburetes ademais de mesas de comedor.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- Distribúense as mesas desde a zona de entrada, dispoñendo dunha zona máis ampla ao final do local.

Características

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.
- A anchura mínima do espazo de circulación é de 86cm no oco de paso entre zona de barra e comedor.
- Mesas rectangulares e cadrases de diferentes dimensións. Alto de mesa de 75 cm e altura baixo a mesa de 71cm. Ancho inferior nas mesas máis pequenas de 58cm.
- As mesas rectangulares teñen travesas, que non permiten unha correcta aproximación en cadeira de rodas.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Dispoñen de cabina adaptada independente.
- A cabina carece de sinalización.

Entrada ao aseo

- Porta batente ao interior con ancho de paso de 80cm.
- Mecanismo de apertura con picaporte.

Cabina

- Mecanismo de peche mediante pasador fixo non manipulable co puño pechado ou co cóbado.
- Diámetro viro libre de obstáculos 150cm no exterior e 90 no interior
- Control de iluminación por sensor.
- Carece de sistema de alarma.

Lavabo

- Situado dentro da cabina.
- Billa de presión ao lado dereito.
- Altura superior de 82cm, con oco inferior de 70cm de alto.
- Espello fixo con bordo inferior a 85cm de altura.
- Dispón de dispensador de xabón sobre o lavabo e seca mans automático a 105cm de altura.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude de 120cm ata a porta.
- Conta con espazo de transferencia desde o lado esquerdo cunha anchura de 65cm.
- Carece de barras de apoio .
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 42cm.
- Mecanismo de descarga de pequena dimensión sobre cisterna. Non se pode activar co cóbado o puño pechado e require un esforzo baixo.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- Barra fronte á zona de acceso, mesas altas tipo varra á esquerda.

Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave. A barra conta con iluminación identificativa.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- Mesas colocadas de maneira regular marcando zonas de paso.

Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.
- As mesas contan con cor contrastada

Aseos

- Carecen de sinalización en braille e alto relevo
- A cor dos elementos destaca con respecto a paredes e chan.
- En caso de emerxencia, a alarma é visual, non existe indicación en aseos.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades auditivas.

SALÓN COMEDOR

- Dispón de carta escrita con letra de pequena dimensión.
- Non dispoñen de persoal signante.

ASEO

- Están sinalizados.
- Nas cabinas, o pasador fixo non ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta non ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia, non conta con sistema de alarma visual.

OUTRAS ESTANCIAS E SERVIZOS

ESTANCIA	LOCALIZACIÓN	ITINERARIO	CARACTERÍSTICAS
Terraza			Terraza exterior na beirarrúa a dereita e esquerda da zona de acceso. Mesas cadradas cunha altura superior de 75cm e oco inferior de 70.o ancho entre patas é de 58cm.